



CONCELLO DE REDONDELA

SESION ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA,
CELEBRADA O DÍA 21 – XANEIRO – 2016

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación, no seu caso, da acta da última xuntanza.
- 2.- Aportacións colectivos e grupos políticos á Modificación do “Regulamento dos Consellos Municipais Territoriais, Consellos Municipais Parroquiais”.
- 3.- Informe sobre situación proxecto para “Alcantarillado dende o Cruceiro ata zona de Alcampo”.
- 4.- Informe sobre a obra Mercadona e Rotonda.
- 5.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e dez minutos, do día vinteun de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnen, baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, da concelleira DONA. MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, os seguintes representantes do Consello Parroquial:

GRUPOS POLITICOS:

PP – ANA MARIA ALONSO ALONSO

PSdeG-PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

B.N.G. - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

A.E.R. - ALFONSO BLANCO PÉREZ

AA.VV.:

CARLOS COVELO SOLLA

JACINTO GIMÉNEZ LAGO



CONCELLO DE REDONDELA

ASOCIACIÓN CULTURAS:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

COMUNIDADE DE AUGAS:

LEOCADIO DOMÍNGUEZ ESTÉVEZ

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ

ASOCIACIÓN DEPORTIVAS:

MERCEDES LESTÓN LÓPEZ

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ALVAREZ DOS SANTOS

E actuando como Secretario do Consello, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de Cedeira, convocado para o día de hoxe, en sesión ordinaria e en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar os puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA ÚLTIMA XUNTANZA.-

Pola Presidencia dase conta da acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada con carácter ordinario o día **21 de outubro de 2015**.

Previa deliberación e comprobación de que acta non se recibiu por algún dos membros do Consello, a Presidencia, acordou deixar a mesma SOBRE A MESA, pendente de aprobación no vindeiro Consello, xunto coa acta que se levantará coa sesión de hoxe.-



CONCELLO DE REDONDELA

2.- APORTACIÓNS COLECTIVOS E GRUPOS POLÍTICOS Á MODIFICACIÓN DO “REGULAMENTO DOS CONSELLOS MUNICIPAIS TERRITORIAIS, CONSELLOS MUNICIPAIS PARROQUIAIS”.-

Pola Presidencia ponse de manifesto ao Consello, a asistencia do Concelleiro delegado de Participación Cidadá, D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, para explicar este punto da Orde do Día.

O concelleiro Alvarez Ballesteros explica que dende o ano 2000 en que se aprobou o Regulamento dos Consellos Parroquiais e empezaron a constituirse estes en todas as parroquias, e só funcionaban catro consellos, agora que conseguíuse poñer en funcionamento o de todas as parroquias, o goberno municipal mira a necesidade de facer algunhas modificacións no Regulamento, de ahí que se presentou por parte deste aos colectivos veciñais e grupos municipais (que imaxina que todos teredes), unha proposta de modificación, coa finalidade de que todos fixeran aportacións para melloralo.

Sigue indicando que o único colectivo que fixo propostas foi a SOCIEDADE CULTURAL DE O VISO, que neste momento reparte ao Consello unha copia de dita proposta.

Continúa indicando é que cada parroquia, que ten unhas particularidades propias, poida aportar o que crea que é interesante figure neste Regulamento.

O concelleiro delegado de Participación Cidadá sinala que no mes de febreiro vaise a convocar unha reunión no Multiusos de Redondela, para con todos os colectivos veciñais manter unha xuntanza e debater ideas sobre esta cuestión.

O representante do Grupo Municipal de A.E.R., Sr. Blanco Pérez, sinala que primeiro habería que recibir todas as aportacións, e mirar, antes de debater, se algunha non se podería levar a cabo.

A representante do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Alonso Lago, pregunta se se vai ter acceso ás aportacións dos colectivos, indicándolle o concelleiro delegado de que si.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., Sr. González Campo, manifesta que supón que a convocatoria será para colectivos veciñais e grupos políticos, e remata sinalando que cada consello parroquial debe debater as súas propostas.

O concelleiro, Alvarez Ballesteros, respóstalle ao concelleiro González Campo que as propostas serán debatidas polos colectivos e grupos políticos.

O representante do Consello, Comesaña López, sinala que na parroquia de Cedeira, a Asociación de Veciños é a máis representativa dos colectivos e debería absorber a outros colectivos e de catro representantes tiveron que renunciar a un coa finalidade de incluír un membro da Comisión do Cemiterio.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidencia indica que o importante é que todos os colectivos da parroquia estean representados no Consello e que todos teñan voz no Consello.

O representante da AA.VV., Covelo Solla, indica que o cemiterio non é de toda a parroquia somente, é unha entidade privada que non se pode considerar asociación da parroquia de Cedeira, en tanto en canto hai membros doutras parroquias, indicando a concelleira Amoedo Dasilva, que fan un traballo dentro da parroquia, e hai que darlle cabida no Consello, remtando o representante Covelo Solla que está de acordo, pero non a costa de membros da Asociación de Veciños.

O concelleiro delegado de Participación Cidadá sinala que os membros do Consello, segundo a proposta de modificación do Regulamento que se trae para debate, non poden superar os 21 membros.

3.- INFORME SOBRE SITUACIÓN PROXECTO PARA “ALCANTARILLADO DENDE O CRUCEIRO ATA ZONA DE ALCAMPO”.-

A Presidencia pon de manifesto o proxecto de saneamento na zona que se indica, coa finalidade de facer chegar o mesmo as zonas que non o tiñan, indicando que atópase pendente da autorización de Fomento e cesión de algúns veciños. Sinala que van dende o Cruceiro ata o furancho de “Faneco” e ata a nave de Alcampo para dúas casas que quedaron, repartíndolle plano por onde discurre o mesmo aos membros do Consello, indicándolle que se está procedendo á redacción do proxecto.

Remata sinalando que dito proxecto costou traballo, sobre todo conseguir a cesión de algúns veciños, e que se trae ao Consello para ser examinado e se plantexen dúbidas.

Tamén indica que están pendentes de que Fomento fixe a liña que ten que ir o colector á veira da estrada nacional, e sinala que é necesario acometer esta obra, para a que hai presuposto.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., o concelleiro González Campo, manifesta que deste saneamento non se sabe o importe do investimento, nin que criterios se seguiron para seleccionar esta obra, e por último que casas se van a conectar. Remata dicindo que había un proxecto en Canabal para vinte casas e Fomento o denegou, e pregunta que garantías hai agora de que a este se lle dea o visto e bó.

Respóstalle a Presidencia que unha vez xubilado o técnico de Fomento, xa faláron co o que o sistitúe e ten outra disposición, non obstante quere examinar antes o proxecto. Indica tamén que este goberno intentou desatascar o proxecto de Canabal e que o motivo de traer este avance é de que a parroquia estea informada do que o goberno municipal están pensando facer na parroquia.



CONCELLO DE REDONDELA

O representante da Asociación de Veciños, Carlos Covelo, sinala que o tramo que se rematou agora en Trasmañó de saneamento e a posta en funcionamento do bombeo de Rande, era unha demanda antiga da asociación de veciños, que estaba presentada polo Rexistro Xeral do Concello fai tempo, xa que denunciaban o verquido ao mar, e agora o tempo lle da a razón.

O concelleiro, Alvarez Ballesteros, indica que na subida ao Colexio Vigo, houbo que dasatascar a parte administrativa para poñer en funcionamento o bombeo, xa que Fenosa esixía un transformador, faltaban 300 metros de tubería, pero agora o bombeo xa funciona, e o tema dos cheiros que denuncian algúns veciños e debido a que hai poucos veciños conectados ao saneamento.

O representante da Comunidade de Augas, Leocadio Dominguez, dí que cando mira a ría se ven manchas grandes de gasoleo o que repercute na pesca, e remata indicando que a culpa a temos todos, respostando membros do Consello que as manchas ás veces é como consecuencia de que os barcos de Vieirasa e Pescanova, laban os os depósitos, que tiñan facelo fora da ría.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., resposta a alusións da Presidencia, que el non ten problema en falar de política no Consello Parroquial, indica que o goberno municipal prefere invertir en asfaltado camiños municipais en lugar de en saneamento.

A Presidencia sinala que non é certo que todo o saneamento discurre por camiños municipais, senón que tamén por fincas de propiedade privada, o que dificulta a xestión cos propietarios para a cesión do terreo o do uso para que pasen as tuberías, pero que dende o logo a prioridade do goberno municipal é conseguir o maior número de metros posible de saneamento.-

4.- INFORME SOBRE OBRA MERCADONA E ROTONDA.-

A Presidencia manifesta que a obra de Mercadona e a rotonda, está a producir incomodidades aos veciños, e o goberno municipal é consciente delo.

O goberno municipal tratou en todo momento de conseguir a seguridade dos veciños da zona, se pediron sinais luminosas na calzada, o Ministerio non o permitiu, pero acadouse pouco a pouco que estivera a zona máis iluminada, é dicir, mellorar que fagan máis cómoda esta obra aos veciños, sobre todo a rotonda.

A representante das Asociacións Deportivas, Mercedes Lestón, solicita que sinalizen a rúa, non se mira nada pola noite, indicándolle a Presidencia que se van poñer sinais luminosas e reflectantes, preguntando o representante do Grupo Municipal do B.N.G., que o vai facer, indicando a concelleira que a empresa.



CONCELLO DE REDONDELA

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, indica que hai que ser un pouco humanos, que os peóns teñen que ter preferencia, hai moita inseguridade na zona, e recalca tamén que se precisa máis iluminación.

O representante do Consello, indica que o encargado da obra chamou a Fomento, solicitando paso peóns e semáforos con pulsador, e lle repostaron que non podía ser.

O representante da Comunidade de Augas, Leocadio Domínguez, expón o problema que ten unha veciña que está a facer un muro, por problemas do ancho do camiño e a altura do muro, indicándolle a Presidencia que xa estivo nunha xuntanza co Alcalde e explicoulle como ía a quedar, preguntando Leocadio Domínguez se poden entrar e saír hoxe polo mesmo sitio, e remata sinalando que na parroquia debería existir unha persoa de confianza, coa que os veciños poideran trasladarlle os problemas existentes, amáis de vixiar as obras municipais, e tratar de solventar os mesmos co Concello, indicándolle a Presidencia que as obras municipais están supervisadas polos técnicos municipais, sinalando que a responsabilidade é municipal, pero os veciños deben avisar ao Concello das deficiencias que noten.

A representante do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, María del Carmen Alonso Lago, pregunta se se sabe cando se vai a acabar a obra, respostándolle a Presidencia que non hai data concreta, que se fala sobre o mes de maio.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., o concelleiro González Campo, indica que lle preocupa a posteriori como vai quedar todo, indicándolle a Presidencia que non vai haber rede semaforizada, haberá “paso de peóns” onde a Casona, se mellorará a sinalización, e se reducirá a velocidade, e remata sinalando que o Concelleiro delegado de Interior, Arturo González, está negociando “paso de peóns” no cruce hacia A Portela.

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, manifesta que o ideal sería un paso subterráneo directamente ao aparcadoiro de Mercadona.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O consello sinala que están sen limpar os muros onde estaba a Sweeps.

O representante da Comunidade de Augas, Domínguez Estévez, pregunta polo saneamento darriba, que se contaminou a auga do mantamental, indicando a representante do Grupo Municipal do PP, Alonso Alonso, que hai que redactar un proxecto para facer a obra.

Así mesmo, Domínguez Estévez, manifesta o malestar de veciños de A Portela, que os coches aparcen na curva, ao facerse o edificio sen retranqueo, se reduxo a curva, aparcen na beirarrúa e non se pode pasar, indicando a Presidencia que se puxo sinalización, indicando Domínguez Estévez, que hai que sancionar, senón non se arranxa nada.



CONCELLO DE REDONDELA

O representante das Asociacións Culturais, Juan José Comesaña, expón a proposta dos veciños da Formiga co “Camiño Lavandeira”, baixada vaguada, a auga inunda as fincas.

Así mesmo o Consello Parroquial solicita que se limpen e retire a broza do camiño (O do Cristo-Rande), que cortan e a deixan na estrada sen recoller.

Se solicita que no acceso ao Museo se desfixo o xabre. Fai falta máis alumeadado, só hai catro farolas nos carballos, indicando a Presidencia que tense a idea de montar 4 ou 5 farolas no acceso.

A Presidencia pon en coñecemento do Consello Parroquial o proxecto de asfaltado de tres camiños: Carballeira, As Grilas, Cova da Vella.

O representante no Consello, Comesaña López, manifesta que as actuacións son sempre nas mesmas zonas, poucas na Formiga e A Portela, respostando a Presidencia que trátase de actuar en todos os barrios, pero hai prioridades e hai que axustarse aos orzamentos municipais.

O representante da AA.VV., Carlos Covelo, indica que é necesario pavimentar o “Camiño de Quintán”, respostándolle a Presidencia que hai que falar coa concelleira de Vías e Obras, mirar si se pode anhear, e si ceden os veciños, e estudar a posibilidade.

O Consello acordou que se reunirían Vicente Lamas, Carlos Covelo e Jacinto Giménez, xunto con representantes municipais para mirar o tema dos camiños.

Por último e noutro orde de cousas, o concelleiro delegado de Medio Ambiente, Alvarez Ballesteros, explica ao Consello Parroquial un balance da xestión de residuos sólidos urbáns, indicando que o Concello aposta polo tema do reciclado e compostaxe.

Sinala que no ano 2020 Europa obriga a reducir custes no servizo de recollida e reciclaxe de residuos, e o Concello aposta polo compostaxe doméstico, para ir ano a ano reducindo a cantidade a pagar a SOGAMA polo tratamento de residuos, como consecuencia delo, trátase de apostar pola información á sociedade en xeral, indicando que fai falla a colaboración de veciños e colectivos e remata repartindo folletos e sinala que o Concello adheriuse ao programa de compostaxe da Deputación Provincial.

A representante no Consello das Entidades Deportivas, Mercedes Lestón, indica que fan falta máis contenedores de reciclaxe.

E non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vintedúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, de todo no que nela se contén, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO